

A asfixia branca: mito e realidade de vintecinco mortes por un raio

The White asphyxia: myth and reality of 25 deaths from lightning

Roberto Fernández Álvarez¹, Jorge Mira Pérez², Antonio Blanco Rodríguez³

¹ MÉDICO DE FAMILIA, CENTRO DE SAÚDE DE ALLARIZ. CORREO: ROBERTO.FERNANDEZ.ALVAREZ@SERGAS.ES

² CATEDRÁTICO DE ELECTROMAGNETISMO. DEPARTAMENTO DE FÍSICA APLICADA. UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. CORREO: JORGE.MIRA@USC.ES

³ PROFESOR DE HISTORIA. IES A CARBALLEIRA. XUBILADO. OURENSE. CORREO: ABR4539@GMAIL.COM

AUTOR PARA CORRESPONDENCIA: Roberto Fernández Álvarez. E-mail: roberto.fernandez.alvarez@sergas.es

Cad. Aten. Primaria
Ano 2021
Volume 27(2)
Páxs. 38-40

DESCRIPCIÓN DO CASO

O martes día 24 de xuño de 1902 celebrábase, na igrexa de San Salvador do Piñeiro de Allariz (Foto 1), a misa de funeral por un veciño, ás dez da mañá, no medio dunha forte tormenta, con choivas torrenciais e aparello eléctrico. Os campesiños que se atopaban facendo labores agrícolas nos arredores correron a resgardarse na igrexa, ateigándoa. O sancristán pechou a porta. Á media hora, cando seis sacerdotes entoaban o salmo de defuntos, un raio caeu sobre a igrexa. O resultado: 25 mortos e máis de 40 feridos graves, algúns dos cales faleceron nos días posteriores. Entre eles non se atopaba ningún dos sacerdotes.



Foto 1. Familiares das vítimas ao pé da igrexa de San Salvador do Piñeiro.

A tormenta durou todo o día, o cal dificultou a chegada de auxilios e autoridades. Xurdiron serias dificultades pola falta de médicos para a autopsia dos cadáveres, que xacían no chan da igrexa (Foto 2). Os corpos permaneceron insepultos ata que se conseguiu a autorización de inhumación e o lugar para facelo; o cemiterio de Allariz carecía de espazo suficiente.




Foto 2. Cadáveres no chan da igrexa.

A crónica da época recréase en escenas pavorosas. Unha das testemuñas asegurou ver a unha moza cos peitos arrincados, así como un raparigo que presentaba as costas en carne viva, tendo a pel arroiada pola parte inferior. Unha crónica de La Vanguardia do día 26 de xuño de 1902 afirma "Os cadáveres continúan na igrexa presentando un terrible aspecto"¹. "Moitos daqueles cadáveres estaban carbonizados, outros tiñan a cachos arrincada a pel e outros parecían petrificados"². Cid Rumbao fai a descrición máis completa do suceso concluíndo que: "É moi probable que o lume tocouse aos feridos e non aos mortos, pois ao que parece non morreron carbonizados senón por `asfixia branca`"³.

O acontecemento conmocionou a todo o Estado. O rei Alfonso XIII participou con 2500 pesetas nunha subscripción nacional encabezada polo ministro da gobernación, Segismundo Moret⁴.

A raíz do acaecido, a igrexa endexamais se reconstruíu; foi abandonado o culto. No solar, vendido a un propietario privado, hoxe en día hai unha edificación. Un programa de televisión⁵ tratou o tema baixo o epígrafe de "o raio maldito" e fíxose eco de crenzas marxinais acerca de fenómenos estraños que tiñan lugar na zona. Así mesmo, esta reportaxe abunda no diagnóstico de "asfixia branca" como causa das mortes. O diario La Región titula unha referencia ao suceso como "Sufriu Allariz un castigo divino en 1902?"⁶. O xornal internacional The Epoch Times publicou en 2019 un artigo co titular: "Un raio considerado un castigo divino matou a 25 persoas nunha igrexa e deixou con vida aos sacerdotes"⁷.

DISCUSION

No caso que presentamos, o estado actual de do coñecemento ofrécenos explicación científica para os acontecementos relatados.

Canto ao fenómeno eléctrico, son dúas as claves fundamentais: A primeira derívase da propia xestación das células tormentosas.⁸ Esas células teñen a súa orixe na rápida elevación de grandes masas de aire quente e húmido, cun ascenso vertical que pode formar torres de máis de 10 km de altura. O arrefriamento e posterior caída do vapor dende a parte superior desas torres ioniza a atmosfera, ata crear diferenzas de potencial de varias decenas de millóns de voltios entre a parte baixa da torre e a superficie terrestre. Para que este proceso teña lugar cómpren, pois, dous ingredientes: un quecemento moi rápido da superficie terrestre, que provoque intensas evaporacións, e ventos laterais frouxos durante o proceso de formación das torres de nubes, que eviten que estas se trunquen. Ámbalas dúas circunstancias son características de amplas zonas da provincia de Ourense nos meses centrais do ano.

A segunda clave é que as cargas eléctricas tenden a acumularse sobre as zonas que fagan máis esquina, xerando a chamado *efecto punta*. Dun xeito cualitativo, pode entenderse como a tendencia das cargas eléctricas a se estenderen tanto como lles sexa posible na superficie do corpo. Deste xeito, unha punta que sobresaie está o máis lonxe posible da superficie circundante, e as cargas empuxan ás veciñas o máis posible ata as puntas, a partir das cales xa non poden avanzar máis. A consecuencia é

unha acumulación e un aumento da densidade de carga, cunha maior diferenza de potencial co entorno e, polo tanto, un maior campo eléctrico.

Resulta entón que a caída dun raio sobre o campanario dunha igrexa é o suceso máis probable, máxime en épocas pasadas, nas que eran as edificacións de máis altura de calquera vila. Ademais, os campanarios adoitan rematar en cruces metálicas, que son unha sorte de pararraios improvisados, só que sen circuito de descarga controlada cara ao chan, co cal a corrente buscará camiños alternativos e fóra de control ao longo da estrutura da torre. A carencia de pararraios nese templo foi determinante para esta fatalidade.

A gran cantidade de falecidos atopa a súa explicación non só no número de persoas que acode ao enterro, senón o daqueles labregos que, coas súas roupas empapadas pola choiva, se refuxiaron na igrexa, o que provocou un amontoamento de corpos mollados, en posible contacto uns con outros.

No que atinxe á salvación dos curas, o factor máis decisivo foi que, ademais de estar afastados do centro do sinistro, con seguridade usarían calzado aillante, de piso de goma ou sola. Os fregueses, que, segundo consta nos certificados de defunción, eran economicamente desfavorecidos, calzarían zocos con remachados con "ferras" metálicas.

Pero talvez o aspecto máis relevante do caso é o que se refire ás causas de morte, que condicionan o aspecto das vítimas. Se a epiderme se atopa cuberta de suor, como sería o caso de moitos dos asistentes, en particular os que viñan de traballar, a electricidade percorre a superficie vaporizando a suor e a humidade cun efecto explosivo que pode despoñer á vítima de zapatos e roupa, se ben deste xeito atenuáase en parte a circulación interna da corrente. Isto explicaría o aspecto de chamuscado, con ignición das roupas e parte da pel dalgunhas vítimas: "(...) a varios dos feridos a corrente eléctrica arrincoulles a pel, carbonizándolles os tecidos."⁹

Se a corrente penetra ao interior do corpo, percórreo polas vías de menor resistencia: o sistema nervioso e os vasos sanguíneos. A nivel cardiovascular pode dar lugar a unha parada ventricular que conduce á asistolia, a cal, por cesamento da perfusión, produce unha coloración cutánea pálida. Á vez, o fluxo da corrente de alta voltaxe polo sistema nervioso, lesiona o centro respiratorio, provocando unha parada respiratoria. En ocasións o latido cardíaco pode manterse ou recuperarse espontaneamente pero, ao persistir a parálise diafragmática, o corazón bombea sangue non osixenado e a pel adquire coloración cianótica antes do subseguinte falecemento. A segunda situación sería o que se denominou asfixia azul, morte azul ou electrocución azul, que configura o característico aspecto de "morte aparente"; a primeira corresponderíase coa morte branca ou "asfixia branca", en denominación antiga, onde pode estar ausente a aparencia cadavérica, especialmente cando apenas hai lesións externas (situación frecuente), o que se corresponde coa descrición que fai o escritor Neira Cancela: "No presbiterio, á beira do altar maior, había unha fermosa moza en indolente actitude. A boca entreaberta e riseira; a longa trenza da súa loura cabeleira servía de apoio á súa cabeza xentil, e diríase que o fragor da tempestade aletargara os seus sentidos: non parecía un cadáver, parecía un anxo durmido coas ás encartadas"¹⁰

Por último, a recuperación que puidemos facer, no Rexistro Civil de Allariz, dos certificados de defunción dos 25 falecidos, amosan que unha minoría morreu como consecuencia do dano eléctrico. En 14 certificados figura como causa de morte a conmoción cerebral, que puidera deberse aos efectos mecánicos da electricidade pero, ao non tratarse de fulguracións directas, probablemente corresponde, cos traumatismos producidos ao derrubarse parte da bóveda da igrexa sobre os asistentes. Soamente en once casos figura o diagnóstico de "asfixia producida por electricidade".

Bibliografía

- 1 Muertos y heridos. La Vanguardia. 26 de xuño de 1902: 4.
- 2 La catástrofe de Allariz. 25 muertos por un rayo. Revista Alrededor del mundo. 4 de xullo de 1902:11.
- 3 Cid-Rumbao A. Historia de Allariz, villa y corte románica. Ourense: Diputación Provincial de Ourense; 1984. p. 236.
- 4 Para las víctimas. La Vanguardia. 28 de xuño de 1902:6.
- 5 Cuarto Milenio [programa de televisión]. Dirigido por Iker Jiménez. España: Alma Producciones Digitales; 27/10/2019. Dispoñible en : https://www.cuatro.com/cuarto-milenio/programa-completo-hd_18_2841570070.html (acceso 29 abril 2021).
- 6 Sánchez L. ¿Sufrió Allariz un castigo divino en 1902? La Región. 23 de xaneiro de 2021. Dispoñible en: <https://www.laregion.es/articulo/allariz/sufrio-allariz-castigo-divino-1902/202101231658101001177.html> (acceso 29 abril 2021).
- 7 García R. Un rayo considerado un castigo divino mató a 25 personas en una iglesia y dejó con vida a sacerdotes. The Epoch Times. Dispoñible en: https://es.theepochtimes.com/rayo-considerado-castigo-divino-mato-25-personas-iglesia-dejo-vida-sacerdotes_549285.html. (acceso 27 abril 2021).
- 8 Feynman RP. Lecciones de física de Feynman. Volumen II. Electromagnetismo y materia. Ediciones Científicas Universitarias, 2020 (capítulo 6 para efecto punta, capítulo 9, sobre electricidade atmosférica). Dispoñible en: https://www.feynmanlectures.caltech.edu/II_06.html e https://www.feynmanlectures.caltech.edu/II_09.html.
- 9 Actualidades. Art. Cit. p. 41.
- 10 La catástrofe de Allariz. 25 muertos por un rayo. Revista Alrededor del mundo. 4 de xullo de 1902:11.